




Supeficie: 5.777 m²

[Handwritten signatures and official stamps]




Decembro-2012
 ESCALA : 1/500
 N° de plano:
 1 de 7.


MONTE "PEROUCHO"
 CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



Superficie: 4.813 m²




Decembro-2012
 ESCALA : 1/1.000
 Nº de plano:
 2 de 7.

MONTE "RÍO DA LAXE"
 CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA

[Handwritten signature and blue official stamp]



Superficie: 2.726 m²



Decembro-2012

ESCALA : 1/500

Nº de plano:
3 de 7.


MONTE "LAVAXEIRA"
CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





superficie A	=	5.340 m ²
superficie B	=	716 m ²
SUPERFICIE TOTAL: 6.056 m ²		

50m. 0m. 25m. 50m.



Decembro-2012

ESCALA : 1/1.000

Nº de plano:

4 de 7.

MONTE "COVA DA LOBA"

CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





Superficie: 6.568 m²



Decembro-2012

ESCALA : 1/500


Nº de plano:
5 de 7.

MONTE "COVILES"
CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





Decembro-2012

ESCALA : 1/500



Nº de plano:
6 de 7.

MONTE "PICO"
CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA





superficie I = 876 m²
 superficie II = 235 m²



Decembro-2012
 ESCALA : 1/300

Nº de plano:
 7 de 7.

MONTE "ALTO DE BORREIROS I e II"
 CMVMC DE SAN MARTIÑO DO GROVE. CONCELLO DE O GROVE



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia
de Pontevedra)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SAN MARTIÑO DO
GROVE**

D. José Manuel Martínez Fernández
D. Javier Cambados Marquez

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 19/11/2012, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**Peroucho e outros**” solicitados a prol dos veciños da **CMVMC de San Martiño do Grove** , concello de O Grove.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 22/06/2011, don Raúl Fraga Mascato, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de San Martiño do Grove, pertencente ao Concello de O Grove, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación do “Monte Peroucho e outros”, cun total de 10 parcelas.

O 5/09/2011 o Servizo de Montes indica á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é suficiente e que as parcelas solicitadas non están clasificadas.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 03/10/2011, incoar o correspondente expediente de clasificación das 10 parcelas referidas, baixo o nome de “Monte Peroucho e outros”.



O 02/11/2011 o Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais remite o informe preceptivo. Indica que na maioría das parcelas *"no se observan signos de aprovechamientos recientes"*, pero en moitas aparecen informacións que amosa algún tipo de aproveitamento. Engade ademais que moitas teñen superpostas parcelas de titularidade catastral particular (inda que nalgúns casos as parcelas solicitadas están rodeadas de muros), que algunhas están total ou parcialmente cualificadas como solo urbano ou urbanizable e certifica que algunhas non son susceptibles de aproveitamento forestal.

O 21/03/2012 emite nota informativa o Rexistro da Propiedade de Cambados, na que se fai constar que todas as parcelas das que se solicita información non teñen titulares vixentes.

Con data 23/02/2012 solicítase do Rexistrador da Propiedade de Cambados inscrición preventiva das parcelas obxecto do expediente, o que cumpre o requirido con data 22 de marzo.

SEGUNDO.- Durante o tramite de audiencia presenta escrito o Concello do Grove con data 16/04/2012, opoñéndose á clasificación das parcelas denominadas Boibas, Monte da Vila e Coviles, alegando que a Comunidade de Montes de San Martiño do Grove non as vén aproveitando de xeito consuetudinario e que o Concello considera de interese para o cumprimento dos seus fins e prestación dos servizos públicos o dispoñer desas parcelas. Presenta en tal sentido acordo da Xunta de Goberno con data 14 de abril e adxunta a seguinte documentación:

- Informes da Oficina Técnica Municipal, nos que se certifica que das parcelas Peroucho, Boibas e Monte da Vila non lles consta ningún aproveitamento veciñal, que da parcela Coviles consta que ten aproveitamento e que a Comunidade de Montes pechou o acceso para os vehículos á parcela mediante a colocación de pedras de grandes dimensións; e que as parcelas Alto de Borreiros I e II a Comunidade de Montes presentou alegacións ao estudo de detalle presentado por un particular en representación dunha empresa.

- Resolución da alcaldía de 05/04/2012 de inscribir no Inventario de Bens Municipais a finca Boibas, en base á certificación descritiva e gráfica da Xerencia do Catastro de Pontevedra, que outorga a titularidade ao Concello do Grove.



Pola súa parte, a Comunidade de Montes de San Martiño do Grove, en contestación ao Informe do Xefe da Área Técnica de Montes Veciñais do Servizo de Montes, presenta as seguintes alegacións:

a- Á indicación contida no Informe de que moitas das parcelas solicitadas teñen superpostas parcelas de titularidade catastral particular, alega o nulo valor na adxudicación da propiedade que se debe atribuír aos datos catastrais acolléndose á xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 525/2000, de 26 de maio) e presenta informe pericial comparando o catastro antigo co actual, do que resulta que todas as parcelas particulares son de recente aparición e as máis delas prolongación de parcelas lindantes.

b- Sobre a adxudicación de solo urbano a algunhas parcelas, alega que esta información está errada, ao fundamentarse sobre as Normas Subsidiarias Municipais e de Planeamento do Grove aprobadas o 25/04/1996 e suspendidas polo Decreto 208/2002 da Xunta de Galicia (DOG do 21/06/2002). Mesmo atendendo a estas Normas Subsidiarias, aprecia incorreccións na terminoloxía e alusións a figuras urbanísticas xa non válidas na actual Lei do Solo.

c- Sobre a expresión *“no se observan signos de aproveitamentos recentes”*, lamenta que o Informe soamente conteña o observado nunha visita e que se contradí con outras expresións tamén contidas, como *“rexenerado de piñeiro e eucalipto”*. Adxunta diversa documentación para demostrar o uso e aproveitamento dos veciños, e en especial un convenio asinado co Concello do Grove no que, en contrapartida á cesión con carácter indefinido dunha parcela de 5.000 m² para a instalación dun punto limpo, o Concello do Grove comprométese a limpar un total de 50 has. anuais de terreos veciñais. Adxunta tamén certificacións e facturas dunha empresa por desbrozar a maioría das parcelas solicitadas, entre outras datas, en decembro de 2010 e decembro de 2011, isto é, en meses anteriores e posteriores á visita que fundamentou o informe preceptivo.

Sobre as alegacións presentadas polo Concello do Grove, a Comunidade de Montes salienta o feito de que soamente se opón á clasificación de tres das dez parcelas solicitadas e de que amosa argumentacións moi febles que non contradín o seu carácter veciñal e mesmo a propia documentación municipal aportada certifica o uso veciñal dalgunhas delas.



TERCEIRO.- Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

Concello: O GROVE

Parroquia: San MARTIÑO DO GROVE

Nome do Monte: PEROUCHO E OUTROS

Segundo información que consta no expediente, os seus lindes son:

Nome do monte: Peroucho.

Superficie: 5.777 m2 aprox. (superficie alegada na solicitude).

Estremas:

Norte: Francisca Otero Garrido.

Sur: Manuel Garrido Álvarez.

Leste: hdros. de José Avalo Núñez e camiño.

Oeste: Felisa Lores Fernández e José González Álvarez.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 511 450

YY= 4 704 190

Catastro*: parcela 227 do polígono 2.

Nome do monte: Río da Laxe.

Superficie: 4.813 m2.aprox.

Estremas:

Norte: hdros. de Antonio Garrido Molder, Manuela Mourellos Padín, Joaquina Mourellos Padín, Rosa Mourellos Padín e Ángela Mourellos Padín.



Sur: hdros. de Carmen Martínez Álvarez, hdros. de Antonio Garrido Maldera, hdros. de Rosalía Besada e Antonio Piñeiro Estévez.

Leste: camiño.

Oeste: regato e Eugenio Fernández Barral, María Barral Godoy, Sofía Barral Godoy e Teresa Otero Godoy.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 510 650

YY= 4 703 400

Catastro: parcela XVII do polígono 14.

Nome do monte: Lavaxeira.

Superficie: 2.726 m2.aprox.

Estremas:

Norte: camiño.

Sur: hdros. de Francisco Vila Bea, José Prol González e hdros. de Ricardo Guillán Lores.

Leste: Juan Vila Álvarez, hdros. de Jesusa Vila Vidal e hdros. de José Vila Vidal.

Oeste: Otero Rey.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 509 850

YY= 4 704 160

Catastro: parcela 14 do polígono 23.

*Antigo catastro do ano 1957 que se achega no anexo n.º 2, procedente do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

Nome do monte: Boibas.

Superficie: 1.175 m2.aprox.



Estremas:

Norte: Antonio Vinas Álvarez e José Ramón González Oubiña.

Sur: camiño de Boibas J.

Leste: camiño de Boibas T.

Oeste: camiño de servizo.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 509 77

YY= 4 704 880

Catastro: parcela 450 do polígono 18A.

Nome do monte: Cova da Loba.

Superficie: 6.056 m² aprox. (atravesada pola estrada de Reboredo a Siradella).

Estremas:

Norte: Gustavo Gómez Lijo, José Luis Rodríguez Muñiz, Alfredo Domínguez Rodiño e José Castro Otero.

Sur: regato e José Muñiz Cao.

Leste: Evaristo Gómez Muñoz, Sebastina García Vidal, José Novas Baulde, Delfina Iglesias Padín, Francisco Vidal Corbacho, Manuel Álvarez Corbacho, hdros. de Rosa Castro Pérez, José Muñiz Cao e M.^a Luisa García Vidal.

Oeste: camiño.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 509 300

YY= 4 702 650

Catastro: parcela 207 do polígono 21.



Nome do monte: Monte da Vila.

Superficie: 344 m2.aprox.

Estremas:

Norte: escola de primaria.

Sur: camiño.

Leste: camiño asfaltado.

Oeste: campo de fútbol municipal.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 511 500

YY= 4 704 250

Catastro: parcela 194d do polígono 2.

Nome do monte: Coviles.

Superficie: 6,568 m2.aprox.

Estremas:

Norte: hdros. de Ramón Muñiz Álvarez.

Sur: estrada PO-316, camiño e Juana Mourellos Muñiz.

Leste: Román Moroña, Francisco Piñeiro, Marcelina Muñiz Álvarez, Ángel Fernández Martínez, Manuela Lois Naveiro, Marcelino Otero Álvarez, Francisco Rodino Mourellos e camiño.

Oeste: hdros. de José Cacabelos Prol, hdros. de Ramón Muñiz Álvarez, hdros. de Ramón Cacabelos Prol, Juan Mourellos Muñiz, Juana Otero Domínguez, Antonio Rodiño Mourellos, Marcelino Besada García, Francisco Rodiño Mourellos, Ángela Mourellos Padín,



Juana Mourelos Muñiz, María Mourelos Briones, Manuel Mourelos Muñiz e Antonio Mourelos Muñiz.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 511 350

YY= 4 702 300

Catastro: parcela 56 do polígono 29.

Nome do monte: Paredes.

Superficie: 862 m2.aprox.

Estremas:

Norte: Ramón Garrido Camiña.

Sur: hdros. de Manuel Álvarez Hermo.

Leste: estrada.

Oeste: descoñecido e camiño.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 511 070

YY= 4 703 270

Catastro: parcela XVI do polígono 7.

Nome do monte: Picho.

Superficie: 949 m2.aprox.

Estremas:

Norte: Ángel Gondar Prol, Samuel García Sanmartín, Ángel Gondar Prol.

Sur: camiño asfaltado.

Leste: estrada a Reboredo e San Vicente 1.



Oeste: Luís Padín Parada e transformador de Fenosa.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 510 500

YY= 4 703 880

Catastro: parcela XX-XXI do polígono 8.

Nome do monte: Alto de Borreiros I e II.

Superficie: 876+235: 1.111 m2.aprox.

Estremas:

Parcela I:

Norte: camiño.

Sur: Carmen Aguiño Domínguez.

Leste: Dolores, Lois Martínez, Carmen Domínguez Otero, Eugenia Domínguez Otero, Carmen García Vidal, Félix Rey Domínguez, María Besada Álvarez e hros. de Jerónimo Domínguez.

Oeste: María Aguiño Montenegro.

Parcela II:

Norte: camiño.

Sur: Ramona García.

Leste: estrada.

Oeste: Félix Rey Domínguez.

Localización xeográfica (coordenadas UTM-ED50): XX= 511 090 511 140

YY= 4 704 030 4 704 050



Catastro: parcela XVII do polígono 7B.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común *“... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadirse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo Nº3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

“La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MVMC.

Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (Stc. de TSX de Galicia de 8 de mayo 2008, donde se reproduce con claridad la doctrina del TS que define como única razón válida para la clasificación la constante posesión continuada del aprovechamiento de los montes por los vecinos de forma mancomunada, sin que frente a este estado



posesorio de los aprovechamientos del monte, no necesariamente forestales, puedan prevalecer los actos de disposición de los mismos siquiera hayan tenido acceso al Registro de la Propiedad...”

Sobre os tipos de aproveitamento, este ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza nº 1239/2002 establece que

“...a Lei 13/89 di que os montes veciñais sono con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeiro, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal...”

E a doutrina emanada da Tribunal Supremo, a través da súa Sala Contencioso-Administrativa, é clara cando xa en sentenza do 22 de febreiro de 1988 establece que *“...la Abogacía del Estado presenta, como primera causa de oposición, la de aplicar el concepto de monte a los terrenos que se reclaman como vecinales; cuestión esta que no puede resolverse ante los conceptos que se explican en las disposiciones legales, por cuanto se observa que tanto la Ley de Montes como su Reglamento, o las Leyes de Montes Vecinales en Mano Común de 1968 o la vigente de 1980 atienden en sentido primordial al aprovechamiento forestal, respondiendo a una política aneja de protección del monte y al cultivador desde el punto de vista de la repoblación forestal, criterio este que, en relación al ámbito específico del monte vecinal en mano común, característico de Galicia, fue superado por la Jurisprudencia en atención a sus características consuetudinarias, en el sentido de estimar que el monte no sólo podía tener una finalidad forestal..., deduciéndose de ello que ese criterio jurisprudencial ha sido aplicado por los Jurados Provinciales con un sentido amplio, atendiendo a la explotación y el aprovechamiento por el común de los vecinos e interpretando la Ley conforme indica el Código Civil en su artículo 3º, en atención a las circunstancias de tiempo y lugar.”*

A comunidade de montes solicitante presentou diversa documentación para demostrar o uso e aproveitamento dos veciños das parcelas solicitadas, e en especial un convenio asinado co Concello do Grove polo cal, en contrapartida á cesión con carácter indefinido dunha parcela de 5.000 m² para a instalación dun punto limpo, o Concello do Grove comprométese a limpar un total de 50 has. anuais de terreos veciñais. Adxunta tamén certificacións e facturas dunha empresa por desbrozar a maioría das parcelas solicitadas, entre outras datas, en decembro de 2010 e decembro de 2011, isto é, en meses



anteriores e posteriores á visita realizada para a redacción do informe preceptivo. Por iso, a manifestación deste informe no que refire que a maioría das parcelas non presenta signos de aproveitamento recente ha de entenderse no sentido de que no curto tempo dunha visita e inspección de campo non se atoparon indicios de traballos silvícolas realizados nos días ou semanas inmediatamente anteriores, pois en varias parcelas o citado informe recolle expresións como *“poblados por fustal y regenerado de pino y eucalipto...”*, *“poblada por fustal de pino y eucalipto y pies sueltos de plátano...”* *“en su extremo norte se localiza un estanque...”* que constitúen indicios de diversos usos.

Polo exposto, ponse en evidencia que nos terreos que se pretenden clasificar existe unha utilización periódica veciñal nos termos aplicables do artigo 1 da Lei 13/89 por parte da CMVMC de San Martiño do Grove.

Terceiro.- Verbo das contradicións das informacións catastrais, o informe pericial presentado comparando os catastros antigo e novo demostra que as superposicións de parcelas particulares responden a intentos de apropiación realizados nos últimos anos polos propietarios dalgunhas parcelas lindantes. Estes intentos non chegaron a materializarse sobre as parcelas en ningún caso, como o demostra que o Informe do Servizo de Montes non faga referencia a elas e que nalgúns casos especifique que a parcela veciñal solicitada esta rodeada de muros.

Cuarto.- Respecto as alegacións do Concello do Grove, opoñéndose á clasificación de tres das parcelas solicitadas baixo o argumento de que considera de interese para o cumprimento dos seus fins e prestación dos servizos públicos o dispoñer desas parcelas, que non consta nos servizos municipais aproveitamento consuetudinario dos veciños ou que unha delas está incluída no Inventario de Bens Municipais, non teñen transcendencia, pois ningunha destas razóns anula a posible natureza comunal das parcelas. Mesmo un dos informes da Oficina Técnica Municipal certifica que da parcela Coviles consta que ten aproveitamento e que a Comunidade de Montes pechou o seu acceso para os vehículos coa colocación de grandes pedras, contradicindo así o sustentado pola Xunta de Goberno do Concello.



CONCLUSIÓNS DA INVESTIGACIÓN

Primeiro.- Unha vez analiza a documentación presentada e o informe do Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais chegase as seguintes conclusións:

1- Que o monte denominado “**Peroucho**” é unha parcela atravesada por carreiros que está *“poblada de fustal de pino y eucalipto con sotobosque de roble y laurel”* segundo o Informe do Servizo de Montes. A Oficina Técnica Municipal certifica que non lle consta aproveitamento veciñal, pero o Concello non se opón á súa clasificación. A Comunidade de Montes presenta unha certificación dunha empresa de desbroces forestais de ter limpadado este monte en decembro de 2010 e copia da factura pagada polo Concello do Grove naquelas datas por este traballo dentro do convenio asinado coa comunidade de montes.

2- Que o monte denominado “**Río da Laxe**” é unha parcela *“poblada por regenerado de eucalipto, se encuentra parcialmente bordeada por muros y atravesada por pista...”*, segundo informe do Servizo de Montes. O Concello non se opón á súa clasificación. A Comunidade de Montes presenta unha certificación dunha empresa de desbroces forestais de ter limpadado este monte en decembro de 2011 e copia da factura pagada polo Concello do Grove naquelas datas por este traballo dentro do convenio asinado coa comunidade de montes.

3- Que a parcela denominada “**Lavaxeira**” está *“poblada por fustal y regenerado de pino y eucalipto”*, segundo informe do Servizo de Montes. O Concello non se opón á súa clasificación. A Comunidade de Montes presenta unha certificación dunha empresa de desbroces forestais de ter limpadado esta parcela en decembro de 2010 e copia da factura pagada polo Concello do Grove naquelas datas por este traballo dentro do convenio asinado coa comunidade de montes.

4- Que a parcela denominada “**Boibas**” é *“rasa a matorral... se encuentra atravesada por línea telefónica”*, segundo o informe do Servizo de Montes. O Concello di que non lle consta aproveitamento veciñal e inscribe a parcela, en acordo tomado o 05/03/2012, no Inventario de Bens Municipais baseándose nunha nota informativa da Xerencia do Catastro de Pontevedra de 25/10/2005 que atribúe a titularidade desta parcela ao Concello do



Grove. A Comunidade de Montes non presenta ningunha documentación que estableza un uso específico polos veciños desta parcela.

5- Que a parcela denominada **“Cova da Loba”** consta no informe do Servizo de Montes que está *“dividida por carretera, la subparcela A está poblada por latizal de pino y eucalipto, resto raso y regenerado claro de eucalipto... la subparcela B se sitúa en zona de servidumbre de curso de agua, en su extremo norte se localiza un estanque”* que a comunidade de montes di que é un lavadoiro veciñal. O Concello non se opón á súa clasificación. A Comunidade de Montes presenta unha certificación dunha empresa de desbroces forestais de ter limpadado esta parcela en decembro de 2010 e copia da factura pagada polo Concello do Grove naquelas datas por este traballo dentro do convenio asinado coa comunidade de montes.

6- Que a parcela denominada **“Monte da Vila”** consta no informe do Servizo de Montes que é *“una franja de terreno entre parcelas edificadas, poblada por pies de eucalipto, roble y laurel”*. O Concello oponse á súa clasificación alegando que a Comunidade de Montes de San Martiño do Grove non as vén aproveitando de xeito consuetudinario e que o Concello considera de interese para o cumprimento dos seus fins e prestación dos servizos públicos o dispoñer desta parcela. Presenta en tal sentido acordo da Xunta de Goberno con data 14 de abril e certificación da Oficina Técnica Municipal de que non consta aproveitamento veciñal. A Comunidade de Montes non presenta ningunha documentación que estableza un uso específico polos veciños desta parcela.

7- Que a parcela denominada **“Coviles”** consta no informe do Servizo de Montes que está *“poblada por fustal de pino y eucalipto y pies sueltos de plátano, en ella aparecen canteras abandonadas”*. O Concello do Grove oponse á súa clasificación alegando que non ten aproveitamento veciñal, pero presenta unha certificación da Oficina Técnica asinada polo enxeñeiro municipal na que *“consta que se viene aprovechando y la comunidad de montes cerró el acceso para vehículos a la parcela mediante la colocación de piedras de grandes proporciones en el acceso desde la vía pública”*.

8- Que a parcela denominada **“Paredes”**, segundo o informe do Servizo de Montes, está *“poblada por regenerado de eucalipto y diferenciada de las parcelas circundantes por la altura del*



arbolado”. O Concello non se opón á súa clasificación. A Comunidade de Montes non presenta ningunha documentación específica que probe o aproveitamento veciñal.

9- Que a parcela denominada “**Picho**” segundo o informe do Servizo de Montes, está *“poblada por un grupo de eucaliptos de gran porte..., regenerado de eucalipto, matorral y una alineación de cipreses”*. O Concello non se opón á súa clasificación. A Comunidade de Montes presenta a certificación dunha empresa de desbroces forestais de ter limpadado este monte en decembro de 2011 e copia da factura pagada polo Concello do Grove naquelas datas por este traballo dentro do convenio asinado coa comunidade de montes.

10- Que a parcela denominada “**Alto de Borreiros I e II**” consta de dúas subparcelas, segundo o informe do Servizo de Montes; na primeira *“tiene una población marginal de castaño, roble y laurel”* e a segunda *“es un resalte rocoso con taludes”*. O Concello non se opón á súa clasificación e a Oficina Técnica Municipal certifica que *“la Comunidad de Montes de San Martiño presentó una alegación al estudio de detalle presentado por don Adolfo Fiel Esperón en representación de Proumia S.L. el 22 de septiembre de 2009”*. A Comunidade de Montes presenta unha certificación dunha empresa de desbroces forestais de ter limpadado esta parcela en decembro de 2011 e copia da factura pagada polo Concello do Grove naquelas datas por este traballo dentro do convenio asinado coa comunidade de montes.

E vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, proponse polo instrutor, e o **Xurado**, co voto en contra do vogal D. Enrique Martínez Chamorro no que aos montes Peroucho, Río da Laxe, Lavaxeira, Cova da Loba, Coviles, Picho e Alto de Borreiros I e II se refire, **acorda**:

CLASIFICAR como veciñais en man común as parcelas denominadas **Peroucho, Río da Laxe, Lavaxeira, Cova da Loba, Coviles, Picho e Alto de Borreiros I e II**, a prol da CMVMC de San Martiño do Grove, concello de O Grove, de acordo coa descrición reflectida no feito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente Resolución, e **NON CLASIFICAR** como veciñais en



man común as parcelas denominadas **Boibas, Monte da Vila e Paredes** ao non reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.